



ESCOLA INFANTIL
ABREnte

ASOCIACIÓN INICIATIVA SOCIAL ABRENTE

**NORMAS
USUARIOS DE
COMEDOR E
QUENTAR
ALIMENTOS**

NORMAS USUARIOS DE COMEDOR E QUENTAR ALIMENTOS

1.- DESCRIPCIÓN DOS SERVIZOS QUE OFERTA

B. SERVIZO DE COMEDOR.

Dispoñemos de **cociña propia e dun equipo especialista e con ampla experiencia** elaborando menús equilibrados, nutricionais e saudables con produtos de primeira calidade, ademais de seren elaborados seguindo a guía de axuda da Xunta de Galicia e da OMS e de contar cun Control de Calidade Externo que garante a fiabilidade dun bo servizo.

Os menús constarán dos **alimentos establecidos e axeitados para cada etapa**, que estableceranse en menús de 6 a 10 meses, de 10 a 18 meses e de 1 a 3 anos, ademais da realización de dietas especias debidamente establecidas coma se indica no apartado C.3 do punto 2 deste mesmo regulamento.

Facilitaranse aos pais os distintos **menús** cada **inicio de trimestre** ademais de estar expostos na web, no taboleiro e dispoñibles na secretaría do centro.

Poderán facer uso do **servizo de comedor eventualmente** os/as nenos/as que así o desexen, os cales aboarán a cota establecida por **días soltos**. Estes casos comunicaranse na secretaría do centro e poderán ser notificados ata no mesmo día antes das 11 hs.

Ó longo do día **subministraranse tres comidas** aos nenos, media mañá, comida e merenda de tarde. Os **NENOS NON USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR** deberán traer a comida da casa na mochila para cada toma correspondente na que o neno se atope na escola, coa fin de non illalos do grupo.

C. SERVIZO DE COCIÑA (QUENTAR ALIMENTOS).

Entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a axeitada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as. As familias asinarán autorización para a administración de alimentos e compromiso das familias de achegalos en correcto estado de conservación e almacenamento (recipiente axeitado e transporte isotérmico para manter a temperatura axeitada) segundo as medidas de conservación e hixiénicas establecidas.

2.- NORMAS DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE COMEDOR E DO SERVIZO DE COCIÑA

A comida é tamén un momento educativo e coidamos de que sexa unha actividade o máis agradable posible, á vez que sexa favorecedora do desenvolvemento de correctos hábitos de alimentación, autonomía persoal, comunicación e relación co resto de compañeiros.

O noso obxectivo principal é que os momentos de comedor se desenvolvan de forma correcta. Por este motivo, precisamos do cumprimento das seguintes normas para facilitar así o correcto desenvolvemento deste servizo:

A- NORMAS XERAIS

- a) NON SE DARÁN ALMORZOS.
- b) Recoméndase realizar a introdución de novos alimentos na casa con anterioridade para poder determinar que alimentos poden producir alerxias ou malestar no neno e, de ser o caso, deberán notificar dita situación por escrito á Dirección da escola.
- c) As pessoas usuarias fixas do servizo de comedor ou servizo de cociña que non utilicen dito servizo nuns días determinados, deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 11 hs. da mañá.
- d) Os usuarios eventuais do servizo de comedor deberán notificar ó centro a necesidade de dietas especiais e intolerancias alimentarias de selo caso no momento de solicitar dito servizo.

B- SERVIZO DE COCIÑA (QUENTAR ALIMENTOS)

O límite para facer uso de este servizo será unha vez cumplidos os 15 meses de idade. A partir de este momento, se se desexa seguir mantendo ó neno na escola no horario de xantar, este pasará a facer uso do servizo de comedor, onde a comida será subministrada polo centro.

Só estará permitido traer **leite materna conxelada, leite en po e auga embotellada, ou potito de farmacia no seu correspondente envase.**

A dieta alimentaria e as horas de toma comunicaranse por escrito á escola, as mamadeiras traerán os pais. A hora da última toma será comunicada ó/á mestre/a ou educador/a correspondente.

C- SERVIZO DE COMEDOR

C.1- IDADE MÍNIMA

A idade mínima para facer uso do comedor serán os seis meses de idade.

C.2- HORARIOS DE COMEDOR

O horario de comedor, (a excepción dos bebés que levan horario personalizado) será o seguinte:

- **Media mañá (merenda de mañá):** o comezo poderá variar entre as 11:00 e 11:30 hs. (Dependerá da organización da axenda semanal).
- **Xantar:** De 13:00 a 14:00 hs.
- **Merenda (merenda de tarde):** De 16:30 a 17:00 hs. (No caso de seren recollidos antes das 16:30 hs., levarán a merenda na mochila).

NOTAS:

- 1) **NON SE DARÁN ALMORZOS.**
- 2) **Non se recollerán nin entregarán nenos nos horarios de comedor correspondentes ó xantar e a merenda,** salvo en casos excepcionais debidamente xustificados.
- 3) **Non se recollerán nin entregarán nenos na franxa horaria que abrangue dende as 14:10 a 14:50 hs.** Os portalóns exteriores do centro permanecerán pechados, salvo en casos excepcionais debidamente xustificados.

C.3- DIETAS ESPECIAIS E INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS

A necesidade de **dietas especiais** para os usuarios do comedor serán estudiadas en cada caso concreto, logo de que o pai/nai ou representante legal o indique á Dirección do centro e presente o informe pediátrico correspondente.

3.- SERVIZO DE COMEDOR EN DÍAS SOLTOS.

Poderase facer uso do **comedor en días soltos**. Estes casos comunicaranse na secretaría do centro e poderán ser notificados no mesmo día.

4.- NON USO DE COMEDOR EN CASOS PUNTUAIS DOS NENOS CO SERVIZO CONTRATADO.

Os pais deberán notificar aqueles días nos que os nenos que teñan contratado o servizo de comedor non fagan uso do servizo. De este xeito as súas titoras terán en conta o cambio puntual na hora de recollida.

Estas circunstancias poderán ser notificadas no mesmo día.